

Luns, 6 de outubro de 2025

Núm. 190

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****REDONDELA****Persoal, oposicións**

LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, ORGANO DE SELECCIÓN E DATA DO INICIO DA FASE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO QUE SE CONVOCOU PARA CUBRIR 1 PRAZA DE ADMINISTRATIVO/A, QUENDA LIBRE (PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA)

ANUNCIO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2025-3722, con data de 01/10/2025, pola que aprobou a lista definitiva das persoas admitidas e excluídas, o órgano de selección, a data de constitución do órgano de selección e a data de inicio da fase de oposición do proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de persoal funcionario de carreira, coa denominación de ADMINISTRATIVO/A do Concello de Redondela, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2020, na cal se establece o seguinte,

“RESOLUCIÓN

As bases xerais que regulan a convocatoria para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm.: 50, do 13/03/2015 e as súas rectificacións, no BOPPO núm.: 77, do 22/04/2016, no núm.: 25, do 08/02/2021 e no núm.: 152, do 10/08/2022.

As bases específicas para cubrir unha praza vacante de persoal funcionario denominada ADMINISTRATIVO/A, a tempo completo, encadrada dentro da escala de Administración Xeral, subescala Administrativa, integrada no grupo C, subgrupo C1, polo sistema de oposición, quenda libre e incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2020, publicáronse no BOPPO núm.: 93, do 16/05/2023.

O prazo de presentación de instancias iniciouse o día 07/07/2023 e rematou o día 04/08/2023.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2023-2876, con data de 04/12/2023, pola que aprobou a lista provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de ADMINISTRATIVO/A, a tempo completo, encadrada dentro da escala de Administración Xeral, subescala Administrativa, integrada no grupo C, subgrupo C1, polo sistema de oposición, quenda libre, que se publicou no BOPPO núm.: 236, do 11/12/2023.



Luns, 6 de outubro de 2025

Núm. 190

O día 26/12/2023 finalizou o prazo establecido de 10 días hábiles para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión ou para subsanar outra documentación non excluín-te.

Víctor Lorenzo Abelleira Argibay, con DNI núm. *****254-Q, presentou unha instancia, con data de 17/09/2025 e número de rexistro de entrada neste concello núm.: 2025-E-RE-7536, na que presenta a renuncia a participar no proceso selectivo.

Tras resolver as alegacións que se presentaron contra esta lista provisional durante o antedito prazo e de conformidade coas Bases Xerais que regulan a convocatoria para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela e de acordo coas bases específicas da convocatoria que se publicaron no BOPPO núm.: 93, do 16/05/2023, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aceptar a solicitude de renuncia a participar neste proceso selectivo que presentou Víctor Lorenzo Abelleira Argibay, con DNI núm. *****254-Q, con data de 17/09/2025 e número de rexistro de entrada núm.: 2025-E-RE-7536.

SEGUNDO: Admitir neste proceso selectivo a Rebeca Galiñanes Fernández, con DNI núm.*****606-M, a Silvia Rodríguez Taboada con DNI núm.: *****672-J e a Xiana Silva Covelo, con DNI núm. *****455-J e elevar a definitiva a lista provisional de persoas admitidas e excluídas para a cobertura dunha praza vacante de ADMINISTRATIVO/A (Persoal Funcionario), a tempo completo, encadrada dentro da escala de Administración Xeral, subescala Administrativa, integrada no grupo C, subgrupo C1, polo sistema de oposición, quenda libre.

TERCEIRO: Designar o órgano de selección do proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de ADMINISTRATIVO/A (Persoal Funcionario), a tempo completo, encadrada dentro da escala de Administración Xeral, subescala Administrativa, integrada no grupo C, subgrupo C1, polo sistema de oposición, quenda libre, que estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

Titular: Francisco José Escudero González, administrativo adscrito ao servizo de Benestar Social do Concello de Vigo

Suplente: Iolanda Alonso Regueiro, administrativa adscrita á Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo.

SECRETARIA:

Titular: M.^a Concepción Martínez-Murillo Campos, administrativa adscrita ao servizo de Recadación Voluntaria do Concello de Vigo.

Suplente: Marta Castillo Fernández-Pacheco, administrativa adscrita ao servizo de Deportes do Concello de Vigo.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: P5HXUGELIMQJO1M



Luns, 6 de outubro de 2025

Núm. 190

VOGAIS:

Titular: Rocío de Sinde Penas, técnica de xestión do Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra.

Suplente: Ana María Osorio Calles, administrativa do Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra.

Titular: José Antonio Gulías Varela, xefe de negociado do Servizo de Contratación da Deputación de Pontevedra.

Suplente: Andrés Carlos Fernández Lucas, técnico de xestión do Servizo de Infraestruturas e Vías provinciais da Deputación de Pontevedra.

Titular: María González Couto, administrativa de xestión tributaria adscrita ao ORAL da Deputación de Pontevedra.

Suplente: Ana Isabel Pichel Pazos, Técnica de xestión do servizo de arquitectura de Deputación de Pontevedra.

CUARTO: A data de constitución do órgano de selección deste proceso selectivo será o:

DÍA: 18/11/2025

HORA: 09:00

LUGAR: Telemática.

QUINTO: As persoas aspirantes quedan convocadas para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición o:

DÍA: 26/11/2025

HORA: 13:00

LUGAR: Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n, Redondela.

SEXTO: Publicar no BOPPO, na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, o órgano de selección, a data de constitución do órgano de selección e a data de inicio da fase de oposición deste proceso selectivo.

SÉTIMO: Contra a resolución da alcaldesa aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta resolución (artigo 124, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa."

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

